



## Anexo 9: Autorización

Lembrede que para publicar e compartir as imaxes, vídeos ou outros materiais onde apareza o alumnado é imprescindible contar cos permisos oportunos das súas nais/pais/titores ou representantes legais xa que son coñecedores de que as imaxes serán difundidas pola Campaña Mundial a través das súas redes sociais e a través das canles das entidades asociadas á campaña.

Para poder difundir e alzar as vosas voces dende as contas das redes sociais da Campaña Mundial pola Educación (Facebook, Instagram, Twitter, Flickr, a web ou os medios) dedicadas á difusión de SAME e á loita polo cumprimento do ODS 4, como obxectivo principal, animámosvos a:

**Compartir os materiais e fotos na web e/ou RRSS dos vosos centros e espazos educativos,** etiquetando a CME España (debaixo a listaxe das contas da CME). Así, dende a CME España poderemos darlle unha maior difusión e así alzar a voz.

**Tamén podes compartilo coa CME España** enviando o material a [comunicacion@cme-espana.org](mailto:comunicacion@cme-espana.org). No correo electrónico pedímosvos que incluídes a información básica:

- O nome de centro/espazo educativo:
- Quen participou (Grao/Grupo/Clase):
- Data e lugar (localidade, municipio, CCAA):

**Importante,** no correo electrónico incluíde, por favor, o seguinte parágrafo:

“[ENTIDADE], como participante nas actividades realizadas no marco da Campaña Mundial pola Educación, concede ás entidades que integran a Campaña Mundial pola Educación (GCE) o tratamento dos datos persoais e imaxes dos participantes nas devanditas actividades que se compartan a través deste correo. O tratamento ten por obxecto dar a coñecer ou promocionar a CME, así como difundir a imaxe, a voz e os materiais dos participantes a través de calquera dos medios ou canles de comunicación das entidades que integran a CME. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición ou outros por correo electrónico a [dataprotection@educ.org](mailto:dataprotection@educ.org) e consultar a política de privacidade en <https://cme-espana.org/politica-de-privacidad/>. A [ENTIDADE] garante que conta cos permisos pertinentes das nais/pais/titores/representantes legais das nenas, nenos e adolescentes obxecto de tratamento de datos persoais e imaxes para a súa cesión ás entidades integrantes da CME”.

Lin e acepto: \_\_\_\_\_